

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ORGANIZACIÓN INTERPROFESIONAL PESQUEIRA INTERFISH-ESPAÑA PARA A PROMOCIÓN E A MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN DAS ESPECIES PESQUEIRAS INCLUÍDAS NO RECOÑECIMENTO DESTA ORGANIZACIÓN NO ANO 2025

En Santiago de Compostela, o 17 de febreiro de 2025

REUNIDOS


Dunha parte, D. Alfonso Villares Bermúdez, conselleiro do Mar, nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E doutra, D. Joaquin Cadilla Castro, con DNI n.º 35561515L, en representación da Organización Interprofesional Pesqueira INTERFISH-ESPAÑA, coas facultades recoñecidas no artigo 28 dos vixentes Estatutos da devandita Organización, aprobados polo Ministerio del Interior mediante Resolución de 24 de xullo de 2023.

EXPOÑEN

PRIMEIRO:

Que a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola é un dos principais motores da economía galega que sitúa a Galicia, pola riqueza da súa produción, como a primeira das comunidades pesqueiras da Unión Europea.



SEGUNDO:

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.


Neste sentido, a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

Para poder acadar estes obxectivos, resalta a importancia de que a administración galega identifique determinadas situacións puntuais que poidan comprometer o rendemento e incluso a viabilidade das empresas da cadea mar – industria Galega e colabore cos actores precisos para paliar os efectos nocivos destas situacións.

TERCEIRO:


Que INTERFISH-ESPAÑA, Organización Interprofesional Pesqueira, foi constituída en 2019 co obxecto de representar a toda a cadea de valor do produto pesqueiro para o que esta recoñecida (sector extractivo, transformador e comercializador) e que conta entre os seus fins:

- Abordar, de forma coordinada, todas aquelas cuestións relacionadas coas especies comerciais máis relevantes para os seus membros, integrando a cadea de valor do sector en favor de intereses comúns e creando sinerxías para superar os retos actuais, entre eles o fomento do consumo de produtos pesqueiros.



- Mellorar a coordinación e as condicións para poñer a disposición do mercado os produtos da pesca
- Difusión das propiedades dos produtos da pesca, características e mellora da información ao consumidor.
- Facer visibles as actividades de produción, transformación e comercialización para potenciar o seu valor para o consumidor.
- Asegurar o bo funcionamento da cadea alimentaria e promover boas prácticas nas relacións entre os seus socios, xa que son partícipes da cadea de valor.
- Actuar en representación do sector en relación cos asuntos nos que conflúen os intereses da produción, transformación e comercialización das especies pesqueiras incluídas no recoñecemento desta organización.
- Fomento do consumo de produtos pesqueiros en xeral.
- Responsabilidade social, xestionando eficientemente todos os recursos empregados para garantir a sustentabilidade económica, social e ambiental.
- Desenvolver estudos para mellorar o coñecemento do mercado e a transparencia.
- Impulsar iniciativas de I+D+I, como ferramenta para mellorar a competitividade.
- Representación ante organismos públicos ou privados, no ámbito autonómico, estatal, comunitario e internacional, en defensa dos seus lexítimos intereses.

INTERFISH-ESPAÑA integra, en dous eixos, produtor e transformador/comercializador á Organización de Palangreiros Guardeses, á Organización de Produtores Porto de Burela - OPP Burela, á Organización de Produtores de Pesca Fresca do Porto e Ría de Marín, á Organización Nacional de Produtores de Palangre de Superficie e á Asociación Española de Maioristas, Transformadores, Importadores e Exportadores de Produtos da Pesca e Acuicultura, CONXEMAR, acadando na actualidade unha implantación sectorial próxima ao 70% nas especies de referencia. Esta representatividade converte a Interfish-España na única organización interprofesional no sector pesqueiro con capacidade para abordar, de forma coordinada, todas aquelas cuestións relacionadas coas especies comerciais máis relevantes para os seus membros, de xeito que é a única asociación capacitada para



executar o investimento inmaterial obxecto deste convenio de colaboración, polo que non se considera posible promover a concorrència competitiva con outras asociacións do sector.


Facer notar que a día da sinatura deste acordo, as especies recoñecidas á Organización Interprofesional INTERFISH-ESPAÑA son a quenlla (*Prionace glauca*), o peixe espada (*Xiphias gladius*) e o marraxo (*Isurus oxyrinchus*), sen prexuízo de que durante o desenvolvemento deste convenio se inclúan mais especies no devandito recoñecemento. Neste caso, as novas especies recoñecidas entenderanse incluídas no alcance do convenio dende a data en que se produza ese feito.

Resaltar o papel que a Organización Común de Mercados concede a estas organizacións interprofesionais, encomendándolles mellorar a coordinación e as condicións que garanten a dispoñibilidade de produtos pesqueiros nos mercados que sexan obxecto da súa actividade.

CUARTO:

O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, establece no seu artigo 3 que o FEMPA contribuirá á aplicación da PPC e da política marítima da Unión, tendo entre as súas prioridades a de fomentar as actividades sustentables de acuicultura, así como a transformación e comercialización de produtos da pesca e a acuicultura, contribuíndo así á seguridade alimentaria na Unión (Prioridade 2).

No artigo 26 do devandito Regulamento (UE) 2021/1139, establécese que o apoio no marco desa prioridade 2 abarcará intervencións que contribúan á consecución dos obxectivos da PPC establecidos no artigo 2 de Regulamento (UE) 1380/2013, por medio de determinados obxectivos específicos, entre os que se atopan o de promover a comercialización, a calidade e o valor engadido dos produtos da pesca e da acuicultura.



O programa "Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura: Programa para España" contempla, de cara a acadar o obxectivo específico 2.2 a través da "mellora da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas", apoiar accións de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas, apertura de novos mercados e consolidación dos xa existentes. En concreto, contéplase apoiar operacións consistentes en campañas de comunicación e promoción dos produtos e a actividade de pesca sostible, a organización e participación en feiras, congresos, eventos, seminarios e exposicións, promoción de produtos con dificultades para a súa introdución no mercado, así como proxectos de comunicación e promoción, co obxecto de avaliar e planificar campañas de promoción dos produtos e as actividades da pesca e a acuicultura e a busca de novos mercados.

Deste xeito o Programa apoia, entre outras moitas accións relacionadas, potenciar o coñecemento da actividade pesqueira e acuícola.

Polo tanto, o obxecto do presente convenio considérase que cumpre cos requisitos de elixibilidade (S) establecidos no Programa Operativo do FEMPA 2021-2027 de España.

Así mesmo, consideraranse elixibles (S) tódolos custos, IVE incluído, segundo o previsto no artigo 64 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

Ademais, de conformidade co disposto no artigo 41 do REGULAMENTO (UE) N° 2021/1139, do 7 de xullo, polo que se establece o FEMPA, dado que o beneficiario da operación é un organismo público, a porcentaxe do investimento elixible é do 100% e, en aplicación do seu artigo 40, a porcentaxe de cofinanciación polo FEMPA é do 70 %.



QUINTO

Á Consellería do Mar correspóndelle a realización de accións de promoción dos produtos da pesca e da acuicultura, así como a realización de accións que promovan as denominacións de orixe e os distintivos de calidade; por isto é consciente de que a valorización dos produtos do mar por parte dos consumidores finais constitúe un dos principais eixes da política de mellora de comercialización pesqueira, dado que repercute directamente sobre a demanda deses produtos.


Neste sentido, e dentro do marco de actuacións da Consellería do Mar, figuran como accións fundamentais deste proceso a participación e colaboración da consellería con entidades significativas que teñan como finalidade dar a coñecer, entre outros, os produtos procedentes da acuicultura.

SEXTO

Que a Consellería do Mar e INTERFISH-ESPAÑA están interesados en todas aquelas cuestións que atinxen ás especies comerciais obxecto deste convenio, e procuran integrar a cadea de valor do sector en favor de intereses comúns e crear sinerxías que permitan superar os retos actuais, fomentando o consumo das especies integradas en INTERFISH-ESPAÑA e dos produtos pesqueiros en xeral.

SÉTIMO

Que as partes anteriormente referenciadas consideran de mutuo interese a realización de diversas accións de promoción do consumo das diferentes especies recoñecidas para esta organización interprofesional e de mellora da súa comercialización, como poden ser a realización dun informe sobre a situación actual do mercurio en grandes migradores e a incidencia do selenio no seu consumo, a presenza na Feira Conxemar 2025, a produción de material de *merchandising*, visitas a Galicia de prescriptores e prensa especializada, ou unha campaña en medios de promoción do consumo das especies integradas na organización.



OITAVO

Que para o desenvolvemento das actividades que se indican máis adiante, as partes, de forma conxunta, dispoñen de medios humanos e materiais suficientes.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas as partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS


PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e INTERFISH-ESPAÑA para a coordinación de accións de promoción dos produtos pesqueiros e a mellora da comercialización daquelas especies recoñecidas a esta Organización. As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

1. Elaboración dun informe sobre a situación actual do mercurio nos grandes migradores e incidencia do selenio no seu consumo.

As especies de grandes migradores veñen sufrindo dende fai bastantes anos a consideración de especies de consumo recomendado moderado debido ao seu "alto contido en mercurio". Esta situación provoca un rexeitamento xeneralizado por parte do consumidor.

O propio sector admitiu esta situación, aínda que os distintos informes científicos avalan as propiedades positivas de especies como o peixe espada, o tiburón azul e o tiburón mako, polo seu contido en selenio, que lles permite contrarrestar eficazmente a presenza do mercurio.



Esta actuación estaba xa contemplada no convenio de colaboración asinado coa Consellería do Mar para o ano 2024, que encomendada ao doutor Guillermo Aldama a elaboración dun primeiro informe científico sobre as propiedades do selenio ante o contido de mercurio dos grandes migradores.

Sendo o informe citado anteriormente un primeiro paso da estratexia, preténdese levar a cabo unha segunda actuación que, a través dun novo informe, poña en evidencia os efectos beneficiosos do consumo destas especies cun alto contido en selenio e a súa influencia na redución de factores de risco cardiovascular ou carcinoxénico.


Por último, cómpre sinalar que tanto o informe do 2024, como o informe do 2025, serán postos a disposición dos diferentes poderes públicos aos efectos de conseguir un cambio conceptual no tratamento que reciben os produtos pesqueiros que conteñen metais pesados en relación ao seu consumo.

2. Presencia na feira CONXEMAR 2025

Interfish-España ven acudindo a esta feira nas últimas 4 convocatorias, por ser esta a principal feira nacional de produtos pesqueiros conxelados, cunha asistencia de máis de 28.000 profesionais na súa última edición, e onde os contactos comerciais cos profesionais asistentes é do máximo interese para esta organización.

O noso interese é dobre: por unha banda, fomentar as compras da produción dos nosos asociados e, por outra, poñer en valor as nosas especies a través do amplo repertorio gastronómico que tamén se da a coñecer aos visitantes da dita feira.

Dado o éxito mediático e de afluencia de visitantes ao stand de Interfish obtido na última edición, repetirase a actividade de despezamento dun peixe espada de grandes dimensións, como fórmula de achegamento do público en xeral á pesqueiría de palangre de superficie.



3. Produción de material merchandising

Esta Organización, continuando co feito no exercicio 2024, pretende confeccionar diverso material de merchandising para a difusión da propia marca INTERFISH entre os cidadáns en xeral, con especial atención a aqueles que se sintan interesados polas actividades que se realizan para a defensa das nosas 3 especies obxectivo, con pequenos detalles promocionais de escaso valor, tales como bolígrafos, chaveiros, bolsas, etc.


4. Visitas a Galicia de prescritores e prensa especializada

Preténdese con esta acción a procura de fórmulas de achegamento aos verdadeiros protagonistas da xeración da información e o coñecemento, como son os prescritores de opinión e os xornalistas interesados nas nosas especies, coa realización de viaxes específicas a Galicia (especialmente a Vigo e a súa área de influencia), que permitan a visita a toda a cadea de valor da pesqueiría de palangre de superficie (buques pesqueiros, descargas en porto, instalacións industriais de procesado dos nosos produtos), e sesións informativas.

5. Campaña de promoción e incentivo ao consumo das especies obxectivo de INTERFISH-ESPAÑA

Dende o 18 de decembro de 2023, logo da integración de OPNAPA, esta Organización agrupa ao 99,7% das capturas da pesqueiría de palangre de superficie, de xeito que os seus asociados xestionaron durante o ano 2024 máis de 22.000 Tm de quenlla, 18.000 de peixe espada e 1.470 de marraxo, cun volume de negocio de mais de 186 millóns de euros.

Durante os anos 2023 e 2024, e no marco do convenio de colaboración subscrito coa Consellería do Mar, realizáronse accións de incentivo ao consumo das 3 especies



representativas, de entre as que se deben resaltar as realizadas baixo o slogan de campaña: "COÑECES OS NOSOS PEIXES PROTECTORES?", que causou grande impacto.

Na citada acción utilizáronse medios de publicidade exterior (mupis) radio, TV dixital, e plataformas, alcanzando máis de 35 millóns de impactos.

Non obstante o anterior, continúaase apreciando a persistencia de problemáticas de calado:


a) O alto grao de descoñecemento que existe sobre as dúas especies máis grandes, e sobre todo da quenlla.

b) Os baixos prezos de primeira venda que están a sufrir ambas especies, que no caso da quenlla é de 1,20 €/kg e no caso do peixe espada de 3,50 €/kg. Esta situación dos prezos provocou que as 4 OO.PP. que compoñen a rama de produción solicitasen a aplicación de medidas como o almacenamento privado de peixe espada.

Ambas situacións poñen en perigo a rendibilidade das explotacións pesqueiras, polo que é absolutamente necesario poñer en marcha medidas de fomento do consumo das 3 especies anteriormente destacadas, coa difusión de conceptos como a sustentabilidade e a calidade das nosas producións, e a súa versatilidade; todo isto sen prexuízo de outras que afecten á propia produción.

SEGUNDA.- CONDICIÓNS ECONÓMICAS.

A Consellería do Mar contribuirá á realización das accións comprendidas no obxecto do presente convenio cunha achega económica, que ten como finalidade compensar a INTERFISH-ESPAÑA polos gastos nos que incorre como consecuencia de levar a cabo as actuacións obxecto do convenio, cifradas na cantidade máxima de douscentos mil euros (200.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 16.02.723B 640.0, código de proxecto 2023 00197 S, da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse, pola súa propia natureza, como un activo configurado como un investimento de carácter intanxible que deberá



incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Mar neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais de carácter material.


Para a realización das accións obxecto deste convenio, INTERFISH-ESPAÑA contribuirá cun máximo de douscentos mil euros (200.000,00 €), achega na que se poderán asignar custos de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento, etc.) que a entidade empregue no desenvolvemento das accións contempladas na cláusula primeira e responsabilizarse de organizalas na súa totalidade, en estreita colaboración coa Consellería do Mar.

De conformidade ao establecido no artigo 54. b) do Regulamento 2021/1060 polo que se establecen as disposicións comúns ao FEDER, FS+ FC, FTJ e FEMPA, serán elixibles os custes indirectos nos que incorra a entidade na súa execución ata un máximo do 15 % dos custes directos de persoal que se xustifiquen con cargo ao convenio.

No caso de que a execución das actividades contempladas na cláusula primeira e realizadas no marco deste convenio de colaboración non supoñan o gasto da cantidade máxima prevista nos parágrafos anteriores, cada una das partes asinantes deberá asumir o 50% dos gastos nos que efectivamente incorra, coa excepción de que a comisión de seguimento prevista na cláusula quinta emita outro ditame.

A tramitación do expediente é ordinaria e existe crédito suficiente previsto na Lei 4/2024, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

As actuacións recollidas no presente convenio (Anexo A) finanzanse nun 70 %, co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). Faise constar tamén a elixibilidade da actuación que se pretende a través da contratación que se propón no marco da Prioridade da Unión, Obxectivo e Medida do FEMPA: 2.2.2. Mellora da comercialización mediante campañas de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas. Feiras, prevista no artigo 26 Regulamento (UE) 2021/1139. Esta participación farase constar en todas cantas actuacións se realicen ao abeiro deste convenio.



INTERFISH-ESPAÑA empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

Poderanse facer pagos parciais contra da presentación das facturas polos investimentos inmateriais realizados, ás que se xuntarán as memorias de cada actividade e as certificacións actualizadas expedidas por cadansúa administración que acrediten que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes contraídas coa Administración da Xunta de Galicia. As facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para estes efectos.

Para facer efectivo o último pagamento, presentarán a memoria final á que se fai referencia na cláusula terceira seguinte.


TERCEIRA.- OBRIGAS

INTERFISH-ESPAÑA obrígase a realizar as accións especificadas na cláusula primeira do presente convenio.

No marco do presente convenio, INTERFISH-ESPAÑA obrígase a facer constar a participación da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) nas exhibicións publicitarias que teñan lugar no marco deste convenio.

INTERFISH-ESPAÑA obrígase a planificar e coordinar, xunto coa Consellería do Mar, as actividades e eventos a celebrar dentro do marco do presente convenio e o plan de comunicación aparelado a este, notificando coa maior antelación posible e, en calquera caso, nun prazo nunca inferior a un mes, as datas e programa provisional dos mesmos.

Finalmente, e antes do 30 de novembro do 2025, presentará diante da Consellería do Mar unha memoria descritiva da realización do obxecto do convenio, así como unha conta



de resultados en relación á finalidade do convenio, que abranga todos os gastos e ingresos nos que se incorreu na organización das accións obxecto do convenio.

Ademais, deberá achegar xustificantes dos gastos realizados, que consistirán, de forma xeral, nas facturas desagregadas e demais xustificantes de gasto de valor probatorio equivalente, contratos (de obra ou servizo) e nóminas, detallados o máximo posible. Así mesmo, deberá presentar xustificantes de pago referidos ás facturas e demais xustificantes de gastos achegados. Os xustificantes bancarios deberán soportar o número de factura ou facturas pagadas, no caso de

transferencias, así como o beneficiario, importe, emisor e data, entre outros, de tal xeito que se poida seguir a rastrexabilidade da operación xustificada.


CUARTA.- RÉXIME DE PERSOAL

A realización das actuacións previstas neste convenio non levará consigo ningún tipo de relación de carácter laboral entre a Consellería do Mar e as persoas que interveñan ou puideran intervir na súa execución, sendo INTERFISH-ESPAÑA responsable das obrigas sociais e laborais que se puideran derivar da contratación, pola mesma, do referido persoal.

QUINTA.- SEGUIMENTO.

Para os efectos de coidar do cumprimento do estipulado no presente convenio créase unha comisión de seguimento do mesmo, que estará composta pola persoa responsable da Subdirección Xeral de Valorización dos Produtos do Mar, ou persoa en quen delegue, e polo asesor xurídico de INTERFISH-ESPAÑA. A dita comisión, que se xuntará a petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.

Neste senso, INTERFISH-ESPAÑA atenderá as indicacións, suxestións e requirimentos que se lle formulen desde a Consellería do Mar en relación co obxecto do presente convenio e o plan de comunicación aparelado ás actividades do mesmo.



Será necesario que, con anterioridade á execución das diferentes actividades, a Consellería do Mar dispoña de toda a información dos eventos e que dea o seu visto e praxe antes da súa realización.

SEXTA.- VIXENCIA.

A vixencia do presente convenio estenderase dende a súa sinatura e ata o 30 de decembro de 2025, non sendo susceptible de prórroga.

SÉTIMA- RESOLUCIÓN

Serán causa de resolución do convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

OITAVA.- CARACTER DO CONVENIO

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada Lei.

NOVENA.- LITIXIOS.

As cuestións controvertidas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán solventarse pola comisión de seguimento á que se refire a cláusula quinta. Se non se puidera alcanzar dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso- administrativa.

DÉCIMA. AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en concordancia cos artigos 24 e



25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data ao comezo indicados.

Pola Consellería do Mar

Por INTERFISH-ESPAÑA


O conselleiro do Mar

O Presidente



Alfonso Villares Bermúdez

Joaquin Cadilla Castro



ANEXO A: Orzamento das actividades do Convenio 2025 entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Organización Interprofesional Pesqueira INTERFISH-ESPAÑA para a promoción e a mellora da comercialización de especies pesqueiras integradas na Organización

ACCIÓN	Base Impoñible	Importe IVA (21%)	CUSTE TOTAL (*)	50% ACHEGA CONSELLERÍA DO MAR	50% ACHEGA INTERFISH-ESPAÑA	ORIXE ACHEGA INTERFISH
Realización dun informe sobre a situación actual do mercurio en grandes migradores e incidencia do selenio no seu consumo	8.264,46 €	1.735,54 €	10.000,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €	Fondos propios
Presencia na Feira Conxemar 2025	49.586,78 €	10.413,22 €	60.000,00 €	30.000,00 €	30.000,00 €	Fondos propios
Produción material merchandising	24.793,39 €	5.206,61 €	30.000,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €	Fondos propios
Visitas Galicia prescriutores e prensa	41.322,31 €	8.677,69 €	50.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €	Fondos propios
Campaña de promoción e incentivo ao consumo de especies integradas en INTERFISH	206.611,57 €	43.388,43 €	250.000,00 €	125.000,00 €	125.000,00 €	Fondos propios
TOTAL	330.578,51 €	69.421,49 €	400.000,00 €	200.000,00 €	200.000,00 €	

(*) 21 % IVE engadido